

QUE SON OS MITOS?



Mytos -oposto a logos- refírese a un relato que explica, con medios que exclúen a razón, aqueles acontecementos da experiencia humana que non atopan outra vía para seren interpretados.

A temática dos mitos



Refírense en todas as culturas a:

As orixes do universo, a súa creación,
cosmogonías e teogonías;

Os amores, apareamentos, nacementos,
fazañas de deuses e de humanos;

As causas dos diversos fenómenos naturais
ou dos cultos existentes e das condutas
humanas, con exemplos extraídos dos deuses.

As cousas que pasaron en tempos
remotísimos, xa que os deuses sitúanse
lonxe no espazo e no tempo, aínda que
os comportamentos de deuses e humanos
sexa moi semellante nas narracións mítica.

Mitos para dar e tomar



Gregos e romanos mantiveron un panteón que se entretiña en continuas rifas e que a cotío tamén interviña nas vidas dos homes.

Os mitos gregos e a súa posterior asimilación romana informan toda a cultura occidental posterior: na pintura, na escultura, na música, na literatura, na astronomía...

O mito de Ícaro



Dédalo era un soberbio inventor, que traballaba vulgarmente co seu sobriño Talo, do cal estaba encargado da educación.

Talo, un día, após pasear pola praia, viu o esqueleto dun peixe, forma na cal se viría a inspirar para criar a primeira serra. Con algunha envexa, Dédalo tentou matar este seu sobriño, ceibándoo dun sitio alto. Malia iso, antes que alcanzase o chan, os deuses intervirían, e o mozo foi transformado nunha perdiz, que voou para evitar a desgraza inminente.

Culpado de homicidio, Dédalo foi obrigado a abandonar a cidade natal, indo refuxiarse en Creta, a illa do famoso rei Minos. Alí, foi incumbido de construír un labirinto, onde o famoso Minotauro viría a ser aprisionado.

Seria, mais tarde, impedido de deixar esta illa, cando concibiu a súa máis famosa invención, unhas ás que lle permitirían voar. Pretendía, xuntamente co fillo, Ícaro, usalas para escapar da illa. Ignorando os consellos de Dédalo, Ícaro voou demasiado alto, o que fixo que a cera que prendía as ás derretese, precipitándoo no mar.

O mito de Orfeo



Nas marxes dun río Orfeo laiábase desconsolado pola perda da súa amada Eurídice que acababa de morrer. Alí tocou cancións tan tristes que todas as ninfas e os deuses conmovéronse e choraron e despois aconselláronlle que baixase ao Hades na procura da súa esposa morta. No camiño, Orfeo debeu arrostrar moitos perigos; empregando a súa música fixo que se detivesen os tormentos do inferno por primeira e única vez e, cando chegou o momento, Hades e Perséfone, amolecidos pola súa pena e pola súa música, permitiron a Eurídice volver ao mundo dos vivos con Orfeo, a condición de que el fose diante dela e de que non ollase para atrás até chegaren ao mundo superior e os raios de sol acariciasen á muller.

Malia ao seu desexo, Orfeo cumpriu a promesa todo o traxecto, pero despois de superar os perigos da volta e cando xa estaban na superficie Orfeo non puido máis e volveuse cara ela con impaciencia cando aínda o sol non bañara completamente o corpo de Eurídice, e perdeuna outra vez e desta para sempre.

O mito de Narciso



Narciso era un rapaz belísimo, fillo do deus do río e mais dunha ninfa. Cando naceu os pais consultaron un oráculo por saberlle o destino e este respondeu que había ter unha vida longa sempre que non vise a súa propia face.

Moitas mozas se namoraron del cando chegou á idade adulta, pero el non estaba interesado en ningunha. A ninfa Eco, unha das máis apaixonadas, non se conformou con tal indiferenza e afastouse a un lugar deserto para alí ir consumíndose até que dela non quedaron máis que os seus laios. As mozas desprezadas acudiron aos deuses para seren vingadas.

Némesis apiadouse delas e, despois dun día de caza, un día caloroso, incitou a Narciso a que se achegase ao río para beber auga e apagar a sede. Ao abeirarse do río ficou inmóbil na contemplación da súa face reflectida, tan bela lle pareceu. Así morreu e até no Hades intentaba ollar nas augas da Estixia as feituraas polas que se apaixonara.

Mitos e relixións



Hoxe o termo "mito" resérvase para as historias e crenzas de relixións antiquísimas e sen culto na actualidade, en canto que as relixións darían satisfacción a ese mesmo afán de interpretación do que é inasequível para a razón, nas diferentes culturas do mundo moderno.

Mitos, relixións e culturas



Mitos e relixións canalizan a visión do mundo das comunidades que os xeran e manteñen, por iso cada cultura ten os seus propios. Responden ás necesidades que a colectividade tiña no momento en que xorden e despois se modifican ou manteñen en función das necesidades sociais e dos avatares históricos.

As relixións no mundo



Na actualidade hai innúmeros cultos relixiosos, algúns de enorme expansión e outros, seitas cun limitado número de seguidores. Teístas, dualistas, panteístas e mesmo non teístas, reveladas e non reveladas, antiquísimas e moi recentes... En todo caso, os crentes deben "imaxinar" pois as ideas relixiosas están referidas a mundos, seres e conceptos non verificables.

O relato bíblico da *Creación*



No principio creou Deus os ceos e maila terra. E a terra estaba desordenada e baleira e as tebras pairaban sobre a face do abismo e o Espírito de Deus axitábase sobre a face das augas.

E dixo Deus

-Sexa a luz

E a luz foi.

E Deus viu que a luz era boa e separou a luz das tebras e á luz chamoulle Día e ás tebras Noite

O relato da creación no *Rig Veda*



No comezo a escuridade
escondía a escuridade.

Todo era auga
indiferenciada.

Envolto no baleiro, devindo
ese “un” surxiu polo poder
da calor.

O desexo desceu sobre iso
no principio

E foi a primeira semente do
pensamento.

□ *Popol Vuh*, relato maia da creación



“Fágase así! Que o baleiro se encha! Que esta auga se retire e desocupe o espazo e surxa a terra e que se afirme! Así dixeron.

Que aclare, que amañeza no ceo e na terra! Non haberá gloria nin grandeza na nosa creación até que exista a criatura humana. Así dixeron”

A Creación no *Enuma Elish* babilónico



“Cando no alto non se nomeaba o ceo,
e en baixo a terra non tiña nome,
do océano primordial, Apsu, seu pai;
e da tumultuosa Tiamat,
a nai de todos,
as súas augas nunha se fundían,
e ningún campo estaba formado,
nin se vían pantanos;
cando ningún dos deuses tiña sido
chamado a existencia...